

## INFORMACIÓN PARA OS CENTROS PÚBLICOS EDUCATIVOS SOBRE A XESTIÓN DO EQUIPAMENTO E-DIXGAL E AS ACTUACIÓNS A REALIZAR SOBRE O MESMO

Remitimos o protocolo de actuacións para a recollida do equipamento do proxecto de educación dixital E-Dixgal.

Ademais destas instrucións, achéganse os seguintes documentos que complementan o proceso:

- Información para as familias sobre o equipamento E-Dixgal.
- Información para o profesorado sobre o equipamento E-Dixgal.

### EQUIPAMENTO DO ALUMNADO E DO PROFESORADO:

Unha vez rematado o curso ou período de estancia do/a alumno/a ou profesor/a nun grupo E-Dixgal, o equipo debe entregarse no centro educativo que o adxudicou para a súa posta a punto e nova adxudicación a outro/a alumno/a ou profesor/a.

Os equipos deben ser devoltos con todos os seus elementos e en perfectas condicións. As familias e o profesorado que entreguen o equipo deben asinar o documento de entrega, que o centro imprimirá dende a ferramenta de Xestión de Equipos E-Dixgal (<https://www.edu.xunta.es/uac/premium/admin/>). Os centros, unha vez recollidos os documentos asinados polas familias ou polo profesorado, subirán estes acordos á devandita ferramenta o antes posible (como máximo 5 días despois das datas de entrega estipuladas neste documento).

### ALUMNADO SEN OBRIGA DE ENTREGA:

O alumnado que **continúe estudos no curso 2021-22** en niveis E-Dixgal no mesmo centro **podará dispor do equipo durante o período estival**, facéndose cargo de todos os elementos e incorporándose o vindeiro curso co material en perfectas condicións, polo que non será preciso formalizar ningún documento de devolución. En calquera caso, o centro efectuará unha comprobación do estado actual do equipo para garantir que segue operativo e sen danos e, en caso de ser necesario, abrir a oportuna incidencia ou reclamación.

### ALUMNADO CON OBRIGA DE ENTREGA:

O alumnado **que o vindeiro curso 2021-22 NON continúe** os seus estudos nun nivel E-Dixgal no mesmo centro ou cambie de centro **deberá entregar obrigatoriamente o equipo** no centro educativo que llo asignou de acordo co seguinte:

- No caso de 5º ou 6º de primaria, a data límite da devolución será o 25 de xuño.
- No caso de ensino secundario obrigatorio, estableceranse dous prazos diferenciados de entrega en función da superación ou non de todas as materias E-Dixgal cursadas:
  - 25 de xuño para o alumnado que supera todas as materias Edixgal na convocatoria de xuño.
  - 7 de setembro para o alumnado con materias Edixgal pendentes para a convocatoria de setembro e que por tanto precisa do equipo durante o verán.

#### **PROFESORADO SEN OBRIGA DE ENTREGA:**

O profesorado que **continúe impartindo materias no curso 2021-22** en niveis E-Dixgal no mesmo centro, disporá do equipo durante o período estival, facéndose cargo de todos os elementos e incorporándose ao próximo curso co material en perfectas condicións.

#### **PROFESORADO CON OBRIGA DE ENTREGA:**

No caso de que o profesorado non imparta ningunha materia do proxecto E-Dixgal no centro durante o curso 2021-22, deberá entregar o equipo, cargador, rato, lector de DNle, documentación e maletín, no centro onde o recibiu e asinar o documento correspondente nas seguintes datas:

- Antes do 30 de xuño para o profesorado sen destino no centro para o curso 2021-22 e que non teña que realizar exames en setembro en materia E-Dixgal.
- Antes do 6 de setembro para o profesorado sen destino no centro para o curso 2021-2022 e que teña alumnado con materias E-Dixgal pendentes.
- Antes do 11 de setembro para o profesorado definitivo no centro que deixa de impartir materias E-Dixgal.

#### **SOPORTE TÉCNICO NOS CENTROS E-DIXGAL DURANTE O VERÁN:**

Ao longo do verán levarase a cabo a adaptación dos carros de carga e a instalación de novas aulas no caso de ser preciso, así como a revisión dos equipos e carros de carga.

A AMTEGA realizará automaticamente o recuento de:

- Equipos e alumnado matriculado nos cursos E-Dixgal para poder dotar aos centros do equipamento necesario.
- Grupos para proceder á adaptación e/ou entrega dos carros de carga correspondentes.

É imprescindible que os centros cumpran estritamente cos períodos de matriculación en XADE e coas datas establecidas neste documento para o envío da documentación requirida.

No caso de que algunha das aulas onde se impartirá docencia E-Dixgal no curso 2021-2022 non dispoña de Kit Dixital (proxector ultracorto+pdi+portátil de aula) e/ou WIFI Abalar debe notificalo ao seu asesor Abalar de Zona.

Como norma xeral, unha vez contabilizada a matrícula, retiraranse os equipos excedentes asignados ao centro dentro do proxecto E-Dixgal.

O persoal de Amtega porase en contacto co centro para concertar unha cita durante o período estival. O centro facilitará o acceso ao equipo de soporte enviado para realizar os traballos necesarios de instalación e adecuación do equipamento necesario nas aulas E-Dixgal e a revisión de equipos custodiados polo centro.

Atentamente, a dirección do proxecto E-Dixgal.

## INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS SOBRE O EQUIPAMENTO E-DIXGAL

Estimadas familias:

Como vostedes saben, durante o presente curso 2020-21, o/a seu/súa fillo/a estivo matriculado/a nun centro que participa na iniciativa E-Dixgal do proxecto Abalar para o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, polo que dispón para o seu uso persoal dun ordenador portátil, co seu correspondente maletín, cargador e punteiro.

A dirección do proxecto informa que se o alumnado continúa no mesmo centro cursando materia E-Dixgal no vindeiro curso 2021-22, poderá dispor do equipo durante o período estival, facéndose cargo de todos os elementos e incorporándose o vindeiro curso co material en perfectas condicións.

O alumnado que o vindeiro curso 2021-22 non continúe os seus estudos nun nivel E-Dixgal, no mesmo centro ou cambie de centro, deberá entregar obrigatoriamente o equipo no centro educativo que llo asignou de acordo co seguinte:

- No caso de 5º e 6º de primaria, a data límite da devolución será o 25 de xuño.
- No caso de ensino secundario obrigatorio, estableceranse dous prazos diferenciados de entrega en función da superación ou non de todas as materias E-Dixgal cursadas:
  - 25 de xuño para o alumnado que supera todas as materias E-Dixgal na convocatoria de xuño.
  - 7 de setembro para o alumnado con materias E-Dixgal pendentes para a convocatoria de setembro e que por tanto precisa do equipo durante o verán.

Os equipos deberán ser entregados en perfectas condicións (limpo e co seu correspondente maletín, cargador e punteiro) nas datas indicadas.

As familias deberán asinar un documento de entrega facilitado polo centro.

Atentamente, a dirección do proxecto E-Dixgal.

## **INFORMACIÓN PARA O PROFESORADO SOBRE O EQUIPAMENTO E-DIXGAL**

Estimado/a docente:

Durante o presente curso 2020-21 impartiu docencia nun centro que participa na iniciativa E-Dixgal do proxecto Abalar para o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, polo que dispón para o seu uso persoal dun ordenador portátil co seu correspondente maletín, cargador e outros accesorios.

A dirección do proxecto informa que se o profesorado continúa no mesmo centro impartindo unha materia E-Dixgal no vindeiro curso 2021-22, poderá dispor do equipo durante o período estival, facéndose cargo de todos os elementos e incorporándose o vindeiro curso co material en perfectas condicións.

O profesorado que o vindeiro curso 2021-22 non continúe impartindo materias nun nivel E-Dixgal, no mesmo centro ou cambie de centro, deberá entregar o equipo, cargador, rato, lector de DNle, alfombrilla, documentación e maletín, no centro onde o recibiu e asinar o documento achegado polo centro. As datas de entrega do equipo por parte do profesorado son:

- Antes do 30 de xuño para o profesorado sen destino no centro para o curso 2021-22 e que non teña que realizar exames en setembro en materias E-Dixgal.
- Antes do 6 de setembro para o profesorado sen destino no centro para o curso 2021-22 e que teña alumnado con materias E-dixgal pendentes.
- Antes do 11 de setembro para o profesorado definitivo no centro que deixa de impartir materias E-Dixgal.

Atentamente, a dirección do proxecto E-Dixgal.